

Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Galicia Europa para a realización de programas de información sobre a Unión Europea e de proxectos de cooperación europea, destinados á xuventude galega, no exercicio 2023.

No lugar e data da sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha parte,

Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº82, do 30 de abril de 1991), e de conformidade co establecido no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Doutra parte,

Jesús María Gamallo Aller director da Fundación Galicia Europa, que intervén neste acto por conta e en representación da mesma, segundo recollen os seus estatutos, no seu artigo 17.3.f), elevados a escritura pública perante o notario de Santiago de Compostela don José Manuel Amigo Vázquez, o vinte e un de decembro de dous mil dezaioito, co número tres mil trescentos setenta e oito do seu protocolo, tendo a Fundación o seu domicilio na rúa do Hórreo, nº 61, código postal 15701 de Santiago de Compostela, con código de identificación fiscal G15140023.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo.- Que a Fundación Galicia Europa creouse ao amparo do artigo 34.1 da Constitución española e réxese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e normativa de desenvolvemento, inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, con número 1988/1. Foi declarada de interese galego pola Orde do 24 de maio de 1988 e resúltalle de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en concreto, o artigo 118 de réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control, e o artigo 119 de auditoría e control; dependente do padroado, coa composición e funcións que se determinan nos seus estatutos.

A Fundación Galicia Europa, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, centra o seu labor en defender os intereses de Galicia ante a Unión Europea, promover a participación galega en proxectos europeos, e informar, formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia.

Terceiro.- Que a Fundación Galicia Europa, xa dende os seus inicios, recoñece a xuventude galega como unha das principais destinatarias da súa actividade de carácter informativo, de formación e de sensibilización sobre asuntos europeos, así como de participación en proxectos



europeos de cooperación, principalmente co Norte de Portugal, que promoven o emprendemento e a adquisición de habilidades por parte da mocidade para a mellora da súa empregabilidade.

Cuarto.- Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude segundo o disposto no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude. A dita consellería, a través da Dirección Xeral competente en materia de xuventude é a responsable da Rede Galega de Información Xuvenil, para a consecución dos obxectivos propostos no Título V do Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e no Capítulo II da Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia. Rede que ten como obxectivos asegurar que as prestacións de servizos de información xuvenil se desenvolvan en condicións axeitadas, garantir a difusión de información xuvenil ampla e actualizada en todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como favorecer a implantación dos mecanismos de información precisos para posibilitar a igualdade de oportunidades entre a xuventude galega.

Quinto.- Que a Consellería de Política Social e Xuventude considera esencial o apoio á Fundación Galicia Europa para o desenvolvemento de actividades de carácter informativo e de asesoramento á xuventude sobre a Unión Europea así como para o desenvolvemento de proxectos a prol daquela.

A dita consellería considera que, como medida para afrontar a demanda de información sobre Europa e a multiplicación de iniciativas para a xuventude en materia de mobilidade, cómpre o establecemento de accións que dean resposta de maneira axeitada ás demandas dos mozos e mozas, establecendo unha estreita coordinación coas canles de información establecidas na Rede Galega de Información Xuvenil.

Sexto. A través do presente convenio concederase unha subvención nominativa a favor da Fundación Galicia Europa prevista nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



para o ano 2023, nos termos recollidos no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia así como do artigo 36 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que xustifica a imposibilidade de promover a concorrência pública.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Galicia Europa para o financiamento pola Consellería de Política Social e Xuventude, a través da concesión directa dunha subvención, dos programas de información e sensibilización da Fundación Galicia Europa sobre a Unión Europea dirixidos á xuventude galega, así como para a preparación e o desenvolvemento pola Fundación Galicia Europa de proxectos de cooperación europea en beneficio da mocidade galega e portuguesa da eurorrexión formada por Galicia e Norte de Portugal, durante o ano 2023.

Segunda. *Actos, programas e actividades a subvencionar*

1. A través do presente convenio subvencionaranse os seguintes actos, programas e actividades:

a) Unha Oficina virtual de información #EuroXuventude.

Este portal web da Fundación Galicia Europa www.fundaciongaliciaeuropa.eu ofrecerá un apartado específico sobre a información europea dirixida á xuventude a modo de oficina virtual de información, baixo o nome de #EuroXuventude, que incluírá as posibilidades de prácticas e saídas profesionais na Unión Europea e organizacións internacionais publicadas na súa guía en liña: www.guias.fundaciongaliceuropa.eu.



Ademais, a Fundación Galicia Europa difundirá a actualidade europea de interese para a Xuventude galega nas súas redes sociais (Twitter e LinkedIn), utilizándose as redes sociais de ambas entidades para reforzar a comunicación destes temas.

b) Un Programa de charlas telemáticas ou presenciais.

A Fundación Galicia Europa realizará charlas telemáticas ou presenciais dirixidas á xuventude para informar de asuntos europeos do seu interese e mellorar a súa participación no ámbito comunitario. Estas charlas non se destinarán só aos centros integrantes da Rede Galega de Información Xuvenil senón que, atendendo á demanda xeral por parte da xuventude sobre orientación e coñecemento de oportunidades dentro da Unión Europea e aproveitando o alcance das plataformas dixitais, que permiten un maior número de asistentes, ampliarase o público obxectivo a toda persoa moza de entre 18 e 30 anos interesadas.

c) Actividades dirixidas á xuventude a través da súa participación nos proxectos europeos que se relacionan:

1º. O proxecto "Mozos embaixadores dixitais para pemes" (acrónimo DYAS), financiado polo Programa ERASMUS+ KA210-YOU- Asociación a pequena escala.

A Fundación Galicia Europa continuará no ano 2023 este proxecto europeo destinado a fortalecer a empregabilidade da xuventude galega e portuguesa de entre 18 e 30 anos, desempregada que viven no territorio da Eurocidade Chaves-Verín, estendéndoo a Galicia e Norte de Portugal, nun ámbito especialmente rural conformado por zonas afastadas e periféricas.

DYAS ten como obxectivo abordar a transformación dixital e capacitar a mocidade, as pemes e as institucións involucradas. O proxecto desenvolverá as habilidades dixitais de emprendedores, promoverá a igualdade de xénero e tratará as diferenzas en relación co acceso e uso de tecnoloxías por parte dos diversos grupos participantes. Ademais, a xuventude participará como voluntaria nas súas comunidades locais ensinando o que aprenderon ao empresariado e a persoal de escolas locais fomentando a realidade interxeracional).



Os resultados esperados de DYAS serán: a mellora das capacidades formativas e profesionais dos participantes, un mellor coñecemento das ferramentas dixitais, a Integración nas súas comunidades locais e a mellora das capacidades das PEME.

2º. Proxecto "Xoves líderes comunitarios en áreas rurais do suroeste de Europa" (acrónimo YouLeaders), financiado polo programa ERASMUS +, Acción KA2 - Asociacións de Cooperación KA220.

O proxecto YouLeaders facilita á mocidade identificada en áreas rurais de Italia, España e Portugal, ferramentas para desenvolver as súas propias solucións únicas e innovadoras para abordar os desafíos da vida real e promover a Axenda 2030, alentando ás persoas participantes a converterse en axentes de cambio, como líderes recoñecidos na súa comunidade, e así desenvolver as súas ideas desde os plans até a práctica.

As persoas beneficiarias son mulleres e homes de 14 a 19 anos das comunidades rurais de Sicilia (IT), Galicia (ESP) e Rexión central de Portugal.

Un dos resultados a acadar máis salientable é o lanzamento dun programa de desenvolvemento de capacidades sobre liderado baseado na comunidade, incluída a capacitación módulos/currículos sobre Innovación Social, Igualdade de Xénero, ODS, Medio Ambiente e Competencias Dixitais e a presentación dun programa de formación de formadores que se impartirá (en liña e presencial) , para un enfoque coherente en todos os países.

3º. Proxecto "Rural Youth of Europe"/ "Xuventude Rural de Europa" (acrónimo RUYOU), financiado polo programa CERV, tema CERV-2022-Ciudadanos-CIV Compromiso y Participación Ciudadana.

O proxecto vai dirixido a persoas mozas participantes das zonas rurais de Galicia, rexión Norte de Portugal, Malta e Romanía, formándoos e preparándoos co fin de permitirlles reflexionar sobre os problemas comúns que afectan ás súas comunidades locais e rurais.

O obxectivo é mellorar as habilidades sociais e culturais da xuventude para actuar como persoas expertas e líderes de opinión e fomentar a participación cidadá, especialmente dos mozos e das mozas que non teñen acceso aos proxectos e programas europeos. O intercambio de coñecementos e opinións terá un importante impacto socioeconómico no seu lugar de orixe. Os resultados a acadar son: a creación dun foro de debate público transnacional e de libre expresión das voces novas europeas, o deseño dun espazo creativo onde a xuventude do medio



rural e urbano poida colaborar para crear solucións e oportunidades para a mocidade que se atopa na mesma situación en toda Europa, achegar as inxerencias da mocidade rural ao ámbito europeo mediante a participación de líderes de opinión e a integración da Axenda 2030 no debate rural.

4º. O Proxecto “Centros creativos xuvenís atlánticos” (acrónimo “AYCH”), financiado polo programa europeo Interreg Atlantic Area.

Os principais obxectivos de AYCH son: construír un modelo de innovación social dirixido á mocidade, apoiando o emprendemento social, o emprego e a educación nas industrias creativas e culturais do Espazo Atlántico, establecer unha rede de centros transnacionais, conectados e multidisciplinares que estimularán a xeración de ideas e a posta en marcha de empresas para aquelas persoas mozas que se atopan afastados do mercado laboral e que buscan unha carreira profesional ou o autoemprego no sector creativo.

Os resultados a acadar serán: aumentar as aspiracións empresariais, creando capital social e económico, conectando as persoas empresarios con talento e apoiando o crecemento e o emprego no sector, reducir as taxas de desemprego xuvenil nas zonas asociadas e promover o espírito empresarial responsable e sostible.

5º. O Proxecto “Mellorar o papel das políticas de xuventude no desenvolvemento rural sustentable” (acrónimo RuralYouthFuture/FuturoXuventudeRural).

A Fundación Galicia Europa presentou esta proposta de proxecto na primeira convocatoria do programa Interreg Europe 2021-2027, tendo como socio principal a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia e cos seguintes socios doutros Estados membros da UE: (Bulgaria, Eslovenia, Letonia, Portugal, Estonia e Bélxica).

O proxecto RuralYouthFuture ten como obxectivo potenciar o emprego xuvenil e poder garantir postos de traballo de calidade accesibles para a mocidade de áreas rurais.

O público obxectivo deste proxecto é a mocidade que vive en zonas rurais e se enfronta á problemática da escasa calidade laboral, o desemprego e a fenda dixital, cuestións que afectan a múltiples rexións de España e Europa. O proxecto ten interese en impulsar o desenvolvemento rural sustentable, facilitando o acceso da mocidade que vive en zonas rurais ás novas oportunidades laborais.



2. A Fundación Galicia Europa preparará no ano 2023 diversas candidaturas a programas europeos que fomenten novas oportunidades para a xuventude nos ámbitos da formación e a empregabilidade, especialmente na área de cooperación Galicia – Norte de Portugal.

Terceira. *Crédito orzamentario*

A achega financeira da Consellería de Política Social e Xuventude a través do presente convenio, ascende á cantidade de corenta e dous mil cincocentos euros (42.500,00 €), con cargo á partida orzamentaria 13.06.313A.443.02 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, para a realización dos programas de información e sensibilización da Fundación Galicia Europa sobre a Unión Europea dirixidos á xuventude galega, así como para a preparación e o desenvolvemento pola Fundación Galicia Europa de proxectos de cooperación europea en beneficio da mocidade da eurorrexión Galicia Norte de Portugal no ano 2023, recollidos na cláusula segunda.

Desagregación dos custos das actuacións:

Tipoloxía actuación	Salario(€)	S. Social(€)	Total (€)
PROXECTO RURAL YOUTH FUTURE	20.542	7.933	28.475
PROXECTO DYAS	920	355	1.275
PROXECTO YOULEADERS	3.986	1.539	5.525
PROXECTO RUYOU-RURAL YOUTH OF EUROPE	1.840	710	2.550
PROXECTO AYCH: Atlantic Youth Creativa Hubs	1.840	710	2.550
Outras actividades Xuventude	1.533	592	2.125
TOTAIS	30.661	11.839	42.500

Cuarta. *Compatibilidade*

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a Fundación.

Quinta. *Gastos subvencionables*

Con carácter xeral e de conformidade co artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do obxecto subvencionado a través deste convenio descritas na cláusula segunda e se realicen entre o 1 de xaneiro e ata o 30 de decembro de 2023, por un importe máximo subvencionable de corenta e dous mil cincocentos euros (42.500,00 €).

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 30 de decembro de 2023.

Poderán financiaranse con cargo a este convenio os gastos de persoal necesarios para a execución das ditas actividades, concretamente os derivados dos custos do persoal destinado á execución directa das actividades descritas na cláusula segunda. Non serán subvencionables os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.

Ademais poderán financiarse con cargo a este convenio os gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización das actuacións, tales como os derivados da elaboración de materiais, de publicidade das actividades e material de oficina non inventariable.

Sexta. *Xustificación*

1. A achega da Consellería de Política Social e Xuventude será librada nunha conta corrente da que sexa titular a Fundación Galicia Europa, previa presentación da xustificación das actividades realizadas, mediante a achega da seguinte documentación:



a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades subvencionadas a través do presente convenio.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades, que conterà:

1º. No caso de gasto de persoal: nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retencións do imposto da renda das persoas físicas e documentos similares.

2º. Unha relación clasificada dos gastos de cada actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, data de emisión e no seu caso, data de pago de cada unha delas.

3º. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no número ordinal anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Unha certificación expedida polo director da Fundación Galicia Europa, da realización das actividades subvencionadas a través deste convenio e o gasto derivado delas.

d) Unha declaración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

e) Unha declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A documentación xustificativa prevista nesta cláusula deberá remitirse con cada xustificación parcial e en todo caso, o 30 de decembro de 2023, data límite de xustificación.

3. Coa xustificación final a entidade beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable nos termos do artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á



Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da Fundación Galicia Europa, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, de conformidade coa normativa de subvencións públicas.

5. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é do 30 de decembro de 2023. Non obstante, o órgano xestor do convenio poderá esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de pechamento do exercicio 2023.

6. A falta de presentación de xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2023 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a Fundación Galicia Europa obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2024.

Sétima. *Pagamento*

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



2. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do importe total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique, de conformidade co disposto na cláusula sexta, os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada consonte ao disposto na cláusula anterior.

3. Estes libramentos quedan exonerados da constitución de garantías consonte ao disposto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009.

4. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria, segundo o establecido no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitava. *Vixencia*

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2023.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase a Fundación Galicia Europa dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

Novena. *Modificación. Denuncia*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.



As partes poderán denunciar e resolver o presente convenio en calquera momento e de acordo co establecido na cláusula décima primeira.

Décima. Obrigas da entidade beneficiaria da subvención.

A Fundación Galicia Europa deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Xuventude poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins das actuacións subvencionadas a través deste convenio, as de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Fundación Galicia Europa deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Deberá igualmente subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

Décima primeira . Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.



b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fora o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décima segunda . *Comisión de seguimento e control*

1. Constitúese unha comisión de seguimento e control, que vai levar a cabo as funcións contempladas no presente convenio e, en especial, as de supervisión e avaliación das actuacións nel recollidas.

2. A comisión estará composta por unha persoa representante de cada unha das partes asinantes do convenio.

3. A representación da Consellería de Política Social e Xuventude, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, que, así mesmo, ostentará a Presidencia da Comisión.

A suplencia será asumida segundo o disposto na disposición adicional primeira do Decreto 124/2022, do 23 de xuño e na orde de prelación establecida no artigo 7 do Decreto 79/2023, do 22 de xuño.



4. A representación da Fundación Galicia Europa, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a presidencia do Padroado da Fundación de conformidade co recollido nos seus estatutos.

5. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de xuventude. Contará con voz pero sen voto.

6. Esta comisión que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipulada no presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, xustificación e pagamento, así como reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

7. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima terceira. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa a subvencionar a través do convenio, a Fundación Galicia Europa poderá contratar, con cargo ao orzamento sinalado na cláusula terceira, persoal para o desenvolvemento das actividades descritas. Neste caso, a Fundación Galicia Europa asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades do programa descritas no convenio.

A sinatura deste convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e empregados da Fundación Galicia Europa que desenvolvan as actividades programadas e a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

Décima cuarta . *Publicidade e transparencia*



1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
3. De conformidade co artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.
4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décima quinta. Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada



achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décima sexta. Réxime xurídico e normativa de aplicación



O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa. Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Xuventude
A Conselleira

Pola Fundación Galicia Europa
O director

Fabiola García Martínez

Jesús María Gamallo Aller

